




SGAPEIO

Sociedade Galega para a
Promoción da Estatística
e da Investigación de
Operacións

Organiza:
SGAPEIO

Facultade de Matemáticas
Campus Vida, s/n
15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
secretaria@sgapeio.es

Web: <http://www.sgapeio.es>




SGAPEIO

Sociedade Galega para a
Promoción da Estatística
e da Investigación de
Operacións

II CONCURSO INCUBADORA DE SONDAXES E EXPERIMENTOS

Para alumnos de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos



INCUBADORA DE SONDAXES E EXPERIMENTOS.

A Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións (SGAPEIO) convoca o II concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos para proxectos de estatística e investigación de operacións realizados por estudantes de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.- Participantes

Poden participar estudantes (matriculados no curso 2011-2012) de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio. A participación pode ser individual ou en grupo (máximo de 4 estudantes). Cada participante ou grupo deberá contar cun docente-titor do seu centro, que supervise o traballo presentado.

Non hai limitación de concursantes por un mesmo centro, nin de traballos titorizados por un mesmo docente. Só se permite unha participación por estudante.

2.- Proxecto de Estatística

Os participantes no concurso realizarán un proxecto de estatística e/ou investigación de operacións:

Que é un proxecto de estatística e/ou investigación de operacións?

É o proceso que dá resposta a unha pregunta relevante usando técnicas estatísticas.


Como organizo un proxecto deste tipo? O proxecto debe planificarse tendo en conta dúas fases: unha primeira fase de recollida de datos e unha segunda fase de análise estatística e interpretación de resultados.

Como podo obter datos? Sempre debemos partir dunha pregunta relevante á que quixeramos dar resposta. Así, os datos que utilizemos poden provir de:

- Unha sondaxe deseñada polos participantes sobre un tema de interese xeral ou de interese polo centro educativo e/ou o seu ámbito. Na planificación da sondaxe debe deseñarse un cuestionario e, a continuación, realizar a enquisa.

- Un plan experimental para comparar dous produtos, dous tratamentos ou outras situacións similares. O experimento formulado pode estar relacionado con algunha das materias que os estudantes estean a cursar ou tratar dalgún fenómeno cotián.

- Explotación de bases de datos dos institutos oficiais de estatística (EUROSTAT, INE, IGE, etc.) ou doutros organismos e institucións, ás que se pode acceder a través da rede.



3.- Inscripción

Para participar na "Incubadora de Sondaxes e Experimentos" é necesario cumprimentar o formulario de inscrición que aparece na páxina web do concurso (www.sgapeio.es). A inscrición debe realizala o titor incluíndo os datos do participante ou dos membros do grupo.

A cada traballo presentado asignaráselle un código que deberá ser usado como identificador en posteriores comunicacións coa organización do concurso.

4.- Envío de traballos

Cada participante ou grupo debe enviar o informe do seu proxecto, ao correo electrónico premio@sgapeio.es, en formato .pdf, preferiblemente. No asunto da mensaxe deberase indicar o código de traballo que lle fose asignado.

Os traballos presentados, realizados integramente polos estudantes participantes, deben ser inéditos e orixinais.

5.- Premios

Concederase un premio en cada unha das seguintes categorías:

- # Categoría A: Primeiro ciclo de ESO (cursos 1º e 2º).
- # Categoría B: Segundo ciclo de ESO (cursos 3º e 4º).
- # Categoría C: Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio.

A cada traballo premiado, corresponderalle un obsequio para o centro, e ordenadores para o titor e os estudantes participantes. Todos os participantes, así como os seus titores, recibirán un diploma que acredite a súa participación no concurso.

A entrega de premios e diplomas realizarase nun acto público organizado pola SGAPEIO, no que os gañadores presentarán os seus proxectos.

6.- Calendario

Inscrición dos traballos:	10/01/2012—31/01/2012
Data límite de entrega dos traballos:	23/04/2012—30/04/2012
Fallo do xurado:	01/06/2012—10/06/2012

Toda a información relativa a esta convocatoria pode consultarse na páxina web do concurso: www.sgapeio.es

